



CADERNOS

DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO

Informe de sinistralidade laboral en Galicia no 2022

CCOO

Cadernos do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia
Informe de sinistralidade laboral en Galicia no ano 2022
Abril de 2023

Elaboración: Secretaría de Saúde Laboral



**XUNTA
DE GALICIA**

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	5
ACCIDENTES DE TRABAJO	9
1. Accidentes de traballo con baixa.....	11
1.1. Accidentes de traballo con baixa en xornada laboral	12
1.2. Accidentes mortais en xornada laboral.....	18
1.3. Accidentes de traballo <i>in itinere</i>	20
2. Accidentes sen baixa en xornada laboral.....	21
3. Accidentes de traballo por covid-19.....	21
ENFERMIDADES CAUSADAS POLO TRABAJO	23
1. Enfermidades causadas polo traballo	25
1.1. Enfermidades profesionais	25
1.1.1. Partes comunicados de enfermidades profesionais.....	26
1.1.2. Partes pechados como enfermidade profesional con baixa	30
1.2. Patoloxías non traumáticas.....	30

CC000

28 DE ABRIL DE 2023, DÍA MUNDIAL DA SEGURIDADE E A SAÚDE NO TRABALLO

Por un dereito á seguridade e a saúde no traballo real e efectivo

As condicións laborais teñen unha enorme influencia sobre a saúde das persoas traballadoras. Desde os sindicatos levamos anos denunciando que a precariedade laboral enferma e mata.

A pesar da inclusión dos ambientes laborais seguros e saudables entre os principios e dereitos fundamentais no traballo da Organización Internacional do Traballo, en España aínda estamos lonxe de acadar este fito. De feito, encontrámonos nun momento crítico para a saúde e a seguridade no traballo no noso país.

No ano 2022 contabilizáronse case 1 200 000 accidentes de traballo no conxunto do Estado; aumentaron un 5 % respecto a 2021 e producíronse 826 mortes no traballo, 121 máis ca o ano anterior, que se incrementarán de maneira notable cando se publiquen os datos definitivos. Son cifras inaceptables para unha sociedade como a nosa, ás que se debe poñer freo decontado. Ademais, as enfermidades de orixe laboral seguen ocultándose, enquistándose como a eterna materia pendente da prevención de riscos laborais.

Os sindicatos vimos advertindo que a recuperación da actividade produtiva logo do peor período da pandemia, se non viña acompañada dunha mellora nas condicións de traballo, tería como consecuencia unha repunta da sinistralidade. Desgraciadamente, as nosas previsións cumpríronse. A seguridade e a saúde no traballo seguen sen ser unha prioridade para os distintos gobernos.

Sen dúbida, a día de hoxe, as consecuencias dos accidentes e as enfermidades relacionadas co traballo son un grave problema social que leva ligados enormes custos humanos e económicos. Pero é un problema ao que as Administracións que poderían actuar para evitalo non lle prestan a atención necesaria. É un problema invisible.

Por iso CCOO, este 28 de abril, Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo, queremos ser, unha vez máis, o altofalante das vítimas e visibilizar o drama e sufrimento que causan os accidentes de traballo.

Tampouco esquecemos aquelas persoas traballadoras que enfermaron por mor do seu traballo. En España, o pasado ano declaráronse arredor de 22 500 enfermidades profesionais. Desde CCOO levamos moito tempo denunciando a enorme infradeclaración das enfermidades profesionais e, concretamente, dos cancros de orixe laboral, entre os que se encontran os causados polo amianto. Durante o 2022 unicamente

se declararon 107 enfermidades profesionais causadas por axentes canceríxenos, 76 delas debidas ao amianto. Para inverter esta situación é imprescindible que o Goberno inclúa a creación dun rexistro nacional de empresas con riscos de exposición a axentes canceríxenos e un rexistro de traballadores e traballadoras expostos —na inminente modificación do RD de axentes canceríxenos—. Recordemos, igualmente, a necesidade de abordar o enorme problema que supón a exposición laboral á sílice cristalina que causa silicose e cancro de pulmón, entre outras doenzas, e esixir o cumprimento rigoroso da normativa. É importante aprender de erros do pasado, como o caso do amianto.

Este 28 de abril, desde CCOO queremos que sexa tamén un día de homenaxe e recoñecemento ás persoas traballadoras que morreron ou sofren unha enfermidade a causa do amianto e ás súas familias, e especialmente ás mulleres, que en moitos casos tamén enfermaron e morreron por lles lavar a roupa aos familiares expostos a este canceríxeno nos seus postos de traballo.

Neste sentido, desde CCOO reivindicamos máis ambición e valentía aos Gobernos para protexer sen ambaxes a seguridade e a saúde das persoas traballadoras, para que non prevalezan criterios económicos sobre criterios de protección da saúde no ámbito laboral á hora de legislar; en concreto, reclamamos unha redución do valor límite de exposición ao amianto no eido laboral, porque non hai valor seguro. Opoñémonos rotundamente ao valor proposto polo Consello Europeo, porque é un límite de exposición ao amianto dez veces superior ao recomendado polos expertos en saúde laboral, o que suporá máis mortes de persoas traballadoras por este motivo.

Por outra parte, no ámbito estatal debemos destacar a creación do Fondo de Compensación para as vítimas do amianto. En CCOO consideramos que a lei de creación deste fondo supuxo un logro da loita sindical, xa que o viñamos reivindicando desde hai moitos anos, xunto coas asociacións de vítimas. Porén, é un logro agrídoce porque non se establece a exención fiscal para as indemnizacións. Ademais, seguimos sen un regulamento que rexa o seu funcionamento e que fixe unhas contías dignas, imprescindibles para que sexa un instrumento útil, o que está atrasando a súa posta en marcha e demorando de forma inxustificada a xustiza e reparación que merecen as persoas afectadas e as súas familias.

Existen tamén outras cuestións ás que se debe facer fronte no campo preventivo: a transición dixital, demográfica e ecolóxica. O cambio climático xa está impactando na seguridade e a saúde das persoas traballadoras, como puidemos constatar de maneira trágica o pasado verán. Polo tanto, é indispensable traballar desde a xestión preventiva para adaptar as condicións de traballo ao novo escenario climático.

A protección da saúde mental das persoas traballadoras é a grande esquecida da xestión preventiva; proba disto é que as principais causas de morte durante a xor-

nada laboral foron os infartos e derramos cerebrais, patoloxías asociadas á exposición a riscos psicosociais, que son os menos avaliados nas empresas. A precariedade laboral ou a combinación de altas esixencias e baixo control no traballo están ligadas a unha peor saúde mental. E todo isto nun contexto de intensificación do traballo asociado a procesos de dixitalización, xestión algorítmica da organización do traballo ou economía de plataformas, que non se van deter.

É imperativo avanzar na incorporación da perspectiva de xénero na seguridade e a saúde no traballo, facilitar a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, feminizar a listaxe de patoloxías e profesións do real decreto de enfermidades profesionais, así como no resto de materias de prevención. Só así poderemos contrarrestar as desigualdades de xénero presentes na prevención de riscos laborais.

No entanto, os maiores retos que afrontamos son estes: conseguir que as empresas cumpran ao pé da letra coa normativa en materia de prevención de riscos laborais, internalizar a xestión preventiva nas empresas e acabar co transvasamento de patoloxías profesionais ao sistema de seguridade social.

Desde CCOO instamos as distintas Administracións, así como as empresas, a tomar solucións drásticas nesta materia e a que lles dean á seguridade e á saúde a importancia que merecen. Convén recordar que morren dúas persoas traballadoras ao día, e isto podería evitarse se as empresas cumprisen coa normativa en materia de prevención de riscos laborais.

Para iso necesitamos unha Inspección de Traballo e Seguridade Social reforzada, con máis medios humanos e materiais para cumprir co seu labor esencial de vixilancia do cumprimento normativo en seguridade e saúde no traballo.

Igualmente, reclamamos maiores recursos para a Fiscalía de Seguridade e Saúde no Traballo, co obxectivo de intensificar a súa actuación naqueles casos en que, aínda que non houberse resultado de lesións ou morte, se poña en risco a seguridade e a saúde das persoas traballadoras.

Recentemente asinamos a Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027 (EESST) xunto a patronal, o Goberno e as comunidades autónomas; e aínda que quedan por desenvolver os plans de acción bienais, esperamos que se converta no instrumento de referencia que concrete o desenvolvemento e mellora das políticas de prevención de riscos laborais que necesitamos. Con todo, a EESST tardará en dar resultados, polo que instamos o Goberno a que convoque con urxencia a Mesa de Diálogo Social en materia de prevención de riscos laborais, anunciada no propio asinamento da Estratexia polo Ministerio de Traballo e Economía Social; nela han acordarse medidas urxentes e inmediatas para acabar coa sinistralidade laboral.


En Galicia hai un mes que iniciamos o camiño coa constitución do grupo de traballo para a elaboración da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde Laboral. En CCOO

temos claro que a Estratexia Galega deberá ter presentes as peculiaridades existentes en Galicia, e o noso obxectivo debe ser ambicioso, incluso intentando estar por riba dos obxectivos marcados pola Estratexia Española.

No Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo, desde CCOO queremos expresar de novo o noso compromiso coa saúde da poboación traballadora, e por iso seguiremos apoiando, recoñecendo e agradecendo o labor dos delegados e as delegadas de prevención de riscos laborais, que traballan acotío para que os seus centros de traballo sexan máis seguros. O seu é un labor arduo e complicado, pero tremendamente efectivo.

Somos conscientes de que queda moito camiño por diante; aínda así, estamos convencidos de que coa vontade e o esforzo de todos os axentes implicados conseguiremos alcanzar ambientes de traballo seguros e saudables.

Armando Iglesias Rodríguez
Secretaría de Saúde Laboral
Sindicato Nacional CCOO de Galicia



ACCIDENTES DE TRABAJO

CC000

1. ACCIDENTES DE TRABAJO CON BAIXA

Os accidentes de traballo poden derivar, ou non, nunha baixa laboral. Prodúcese durante a xornada laboral ou no traxecto de ida ou volta ao traballo; nestes casos denomínanse accidentes *in itinere* e tratámoslos por separado.

Para analizar a evolución dos accidentes de traballo con baixa en Galicia baseámonos nas estatísticas que ofrece o Ministerio de Traballo e Economía Social (MITES) e, sobre todo, nas publicadas polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA). Os datos manexados son os acumulados de xaneiro a decembro de 2022 e establécese unha comparativa cos do mesmo período do ano anterior.

Ademais das cifras absolutas de accidentes de traballo, tamén tomaremos como referencia o «índice de incidencia». Este indicador considérase máis preciso para cuantificar a sinistralidade laboral porque relaciona o número de accidentes en xornada de traballo con baixa co número de persoas traballadoras afiliadas á Seguridade Social en situación de alta nos réximes que teñen cuberta a continxencia de accidente de traballo. A unidade de medida dese indicador é accidentes de traballo por 100 000 persoas traballadoras.

A poboación afiliada á Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, que se toma como referencia nas estatísticas do MITES, pertence aos seguintes réximes:

— **Réxime xeral da Seguridade Social** (cobertura obrigatoria), incluídas as persoas traballadoras en períodos de actividade do Sistema especial para traballadores/as por conta allea agrarios e os traballadores/as do Sistema especial para empregados/as de fogar.

Non se contabilizan as persoas afiliadas en períodos de inactividade do Sistema especial para traballadores/as por conta allea agrarios nin as persoas funcionarias afiliadas ao réxime xeral da Seguridade Social afectadas pola disposición adicional terceira do texto refundido da Lei xeral da seguridade social aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, porque as continxencias profesionais deste colectivo xestiónanse a través das mutualidades de funcionarios (MUFACE, ISFAS e MUGEJU).

— **Réxime especial da minería do carbón** (cobertura obrigatoria).

— **Réxime especial de persoas traballadoras do mar** (cobertura obrigatoria).

— **Réxime especial de persoas traballadoras autónomas** (RETA) (cobertura obrigatoria, salvo excepcións): dende o ano 2019, a cobertura é obrigatoria con carácter xeral neste réxime. Non obstante, quedan excepcións en que a cobertura segue sendo voluntaria, que son as persoas traballadoras incluídas no Sistema especial

para persoas traballadoras por conta propia agrarias (SETA) e os relixiosos da Igrexa católica cando a afiliación á Seguridade Social corresponda no RETA.

1.1. Accidentes de traballo con baixa en xornada laboral

Segundo os datos do avance de xaneiro-décembro 2020/2021/2022 que publicou o ISSGA, durante o 2022 producíronse en Galicia 28 402 accidentes de traballo con baixa. Deste total, o 90,60 % ocorreron en xornada laboral e o 9,40 % restante no desprazamento do domicilio ao centro de traballo ou viceversa.

No 2022, en relación co ano anterior, reducíronse en 589 os accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, un -2,03 %.

O índice de incidencia baixou un 4,54 % con respecto ao ano 2021.

Táboa 1. ACCIDENTES DE TRABALLO CON BAIXA

	ANO 2020	ANO 2021	ANO 2022
Na xornada laboral	22.318	26.402	25.732
'In itinere'	2.209	2.589	2.670
Total	24.527	28.991	28.402

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por gravidade e sexo

O índice de incidencia do ano 2022 foi de 2511,48 accidentes de traballo con baixa en xornada laboral por cada cen mil persoas traballadoras afiliadas á Seguridade Social coas continxencias profesionais cubertas. Este dato supón unha redución do 4,54 % con respecto ao ano 2021. A incidencia dos accidentes é maior nos homes ca nas mulleres: por cada cen mil homes traballadores, 3520,20 sufriron accidentes; a cifra baixa nas mulleres ata 1445,05.

A diferenza de índices entre homes e mulleres increméntase conforme aumenta a gravidade dos accidentes. O índice de incidencia dos leves é 2,41 veces maior nos homes ca nas mulleres: 4,37 veces maior nos graves e ata 62,65 veces maior nos mortais.

No ano 2022 producíronse 25 732 accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, dos que 67 foron mortais: 66 homes e 1 muller. Os homes sufriron o 71,80 % dos accidentes leves, o 82,20 % dos graves e o 98,50 % dos mortais.

Táboa 2. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR GRAVIDADE E SEXO. ANO 2022

	N.º DE ACCIDENTES			ÍNDICE DE INCIDENCIA		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Leves	18.141	7.125	25.266	3.445,37	1.484,71	2.584,82
Graves	328	71	399	62,29	14,26	38,94
Mortais	66	1	67	12,53	0,20	6,54
Total	18.535	7.197	25.732	3.520,20	1.445,05	2.511,48

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

En comparación co 2021 (ver táboa 3), o índice de incidencia de accidentes mortais aumentou un 36,71 %, mentres que o índice de accidentes leves e graves reduciuse un 4,60 % e un 5,83 %, respectivamente.

Por sexos, nos homes sobe un 38,05 % o índice de incidencia nos accidentes mortais, baixa un 4,76 % nos leves e un 10,43% nos graves. No caso das mulleres, baixa nos accidentes mortais un 2,44 %, baixa tamén nos leves un 3,64 % e sobe nos graves o 25,94 %.

Táboa 3. EVOLUCIÓN ÍNDICE DE INCIDENCIA POR GRAVIDADE E SEXO

	VARIACIÓN RELATIVA % 2021/2022		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
Leves	-4,76 %	-3,64 %	-4,60 %
Graves	-10,43 %	25,94 %	-5,83 %
Mortais	38,05 %	-2,44 %	36,71 %
Total	-4,76 %	-3,42 %	-4,54 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sectores de actividade e sexo

No 2022, o sector de actividade co maior índice de incidencia foi a construción, con 5187,44 accidentes por cada cen mil persoas traballadoras afiliadas; séguenlle a industria e a pesca con 4560,41 e 4230,22 accidentes, respectivamente.

Por sexos, o índice de incidencia dos homes supera o das mulleres en todos os sectores de actividade pero, sobre todo, na construción (é máis de 12 veces maior) e na agricultura (é mais de 2,6 veces maior). A menor diferenza dáse no sector dos servizos e na pesca.

Táboa 4. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E SEXO. ANO 2022

	N.º DE ACCIDENTES			ÍNDICE DE INCIDENCIA		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	951	232	1.183	4.653,55	1.766,54	3.524,08
Pesca	642	93	735	4.870,28	2.217,98	4.230,22
Industria	5.508	1.116	6.624	5.392,28	2.589,09	4.560,41
Construción	4.071	36	4.107	5.691,64	470,83	5.187,44
Servizos	7.363	5.720	13.083	2.306,39	1.330,33	1.746,24
Total	18.535	7.197	25.732	3.520,20	1.445,05	2.511,48

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

A segmentación sexual na ocupación reflíctese tamén na distribución dos accidentes por sectores. Nos servizos, a porcentaxe de mulleres que sofren un accidente é lixeiramente inferior á de homes, mentres que nos restantes sectores é moito maior.

O maior número de accidentes no 2022 rexístrao o sector dos servizos, con 5720 en mulleres e 7363 en homes: 43,71 % nas mulleres e 56,29 % nos homes.

- **Na agricultura:** 19,61 % nas mulleres e 80,39 % nos homes.
- **Na pesca:** 12,65 % nas mulleres e 87,35 % nos homes.
- **Na industria:** 16,84 % nas mulleres e 83,16 % nos homes.
- **Na construción:** 0,87 % nas mulleres e 99,13 % nos homes.

O índice de incidencia reduciuse en todos os sectores (táboa 5), a excepción do da pesca, onde se incrementou (0,62 %). O maior descenso rexístrase no sector da agricultura (-9,38 %), séguenlle o dos servizos (-5,03 %), a construción (-4,46 %) e a industria (-2,07 %).

Táboa 5. EVOLUCIÓN ÍNDICE DE INCIDENCIA POR SECTOR E SEXO

	VARIACIÓN RELATIVA 2021/2022		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	-12,91	4,00	-9,38
Pesca	-2,71	33,78	0,62
Industria	-1,84	-1,86	-2,07
Construción	-4,15	-14,03	-4,46
Servizos	-5,52	-4,27	-5,03
Total	-4,76	-3,42	-4,54

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sectores de actividade e gravidade

No 2022, a pesca acadou o índice de incidencia máis elevado nos accidentes graves (189,93 accidentes por cada cen mil traballadores/as) e nos mortais (143,88). A construción rexistrou o maior índice de incidencia dos accidentes leves (5045,98).

O sector dos servizos rexistra o menor índice de incidencia nos tres graos de gravidade.

Táboa 6. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E GRAVIDADE. ANO 2022

	N.º DE ACCIDENTES				ÍNDICE DE INCIDENCIA			
	LEVES	GRAVE	MORTAI	TOTAL	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
Agricultura	1.144	37	2	1.183	3.407,91	110,22	5,96	3.524,08
Pesca	677	33	25	735	3.896,40	189,93	143,88	4.230,22
Industria	6.539	74	11	6.624	4.501,89	50,95	7,57	4.560,41
Construción	3.995	104	8	4.107	5.045,98	131,36	10,10	5.187,44
Servizos	12.911	151	21	13.083	1.723,28	20,15	2,80	1.746,24
Total	25.266	399	67	25.732	2.465,99	38,94	6,54	2.511,48

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

- **O número de accidentes leves** baixa en todos os sectores.
- **O número de accidentes graves** sobre nos sectores da agricultura e os servizos, e baixa na pesca, na industria e na construción.
- **O número de accidentes mortais** baixa nos sectores da agricultura e a construción, e increméntase na pesca, na industria e nos servizos.
- No total de accidentes apréciase unha diminución total do -2,54 %.

Táboa 7. EVOLUCIÓN ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E GRAVIDADE. ANO 2022

	N.º DE ACCIDENTES			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
Agricultura	-11,93	12,12	-60,00	-11,52
Pesca	-2,45	-25,00	733,33	-0,81
Industria	-0,88	-9,76	10,00	-0,97
Construción	-2,16	-5,45	-33,33	-2,33
Servizos	-2,68	3,42	16,67	-2,58
Total	-2,59	-3,86	39,58	-2,54

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Canto aos índices de incidencia, redúcense con respecto ao 2021 en todos os sectores no total dos accidentes con baixa, menos na pesca que rexistra un aumento.

Táboa 8. EVOLUCIÓN ÍNDICE ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E GRAVIDADE. ANO 2022 SOBRE 2021

	ÍNDICE DE INCIDENCIA %			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
Agricultura	-9,81	14,83	-59,03	-9,38
Pesca	-1,04	-23,92	745,37	0,62
Industria	-1,98	-10,76	8,77	-2,07
Construción	-4,29	-7,52	-34,79	-4,46
Servizos	-5,12	0,83	13,74	-5,03
Total	-4,60	-5,83	36,71	-4,54

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por tipo de contrato

A temporalidade ten as súas peores consecuencias na sinistralidade laboral. En proporción, as persoas traballadoras cun contrato temporal sofren máis accidentes ca as que teñen unha relación estable.

No ano 2022, reduciuse de forma considerable o número total de accidentes con baixa en xornada laboral do persoal con contrato temporal, un-32,17 %.

En cambio, a porcentaxe de accidentes entre as persoas cun contrato indefinido, aumentou un 18,85%.

Estes datos reflicten claramente os efectos positivos da última reforma laboral, como consecuencia da transformación de moitos contratos temporais en indefinidos. Se ben aumentan os accidentes nas persoas traballadoras con contrato indefinido, non é comparable ao que se reducen os accidentes nas persoas con contrato eventual. Haberá que seguir a evolución destes datos ano a ano para poder valorar o impacto real en positivo que representa esta reforma laboral.

**Táboa 9. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL
POR TIPO DE CONTRATO**

TIPO DE CONTRATO	ANO 2021	ANO 2022	VARIACIÓN %
Indefinido	14.162	16.831	18,85
Temporal	10.128	6.856	-32,31
Autónomo	2.112	2.045	-3,17
Total	26.402	25.732	-2,54

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por provincias

No 2022, o maior índice de incidencia de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral dáse na provincia de Ourense: 2740,75 accidentes por cada cen mil afiliacións (ver táboa 10).

Os accidentes de traballo soben nas catro provincias e tamén o índice de incidencia.

Táboa 10. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR PROVINCIAS

	ANO 2021		ANO 2022	
	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA	N.º ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA
A Coruña	11.733	2.723,18	11.524	2.602,58
Lugo	2.965	2.502,11	2.971	2.475,42
Ourense	2.763	2.740,75	2.977	2.914,46
Pontevedra	8.941	2.530,37	8.260	2.296,87
Galicia	26.402	2.630,95	25.732	2.511,48

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por comunidades autónomas

Na clasificación por comunidades autónomas, e utilizando os datos do MITES, Galicia é a sétima comunidade con máis accidentes con baixa en xornada laboral, con 25 736. Dos índices de incidencia, Galicia, con 2530,7 accidentes con baixa en xornada laboral por cada cen mil persoas traballadoras, é a segunda comunidade con mellor índice, rebaixando a media estatal que se sitúa en 2852,1.

Táboa 11. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL E ÍNDICE DE INCIDENCIA POR CC.AA. AÑO 2022

	ACCIDENTES EN XORNADA	ÍNDICES DE INCIDENCIA
Catalunya	96.137	2.717,9
Andalucía	88.373	2.969,2
Madrid	73.914	2.236,8
Comunitat Valencia	53.069	2.679,1
Castilla-La Mancha	29.007	3.980,5
País Vasco	28.526	2.947,5
Galicia	25.736	2.530,7
Castilla y León	25.063	2.761,0
Balears	24.402	4.714,9
Canarias	22.356	2.690,5
Murcia	18.601	3.080,2
Aragón	16.860	2.941,3
Asturias	12.416	3.410,5
Extremadura	10.936	2.987,6
Navarra	10.849	3.717,8
Cantabria	9.201	4.205,7
La Rioja	5.485	4.234,0
Melilla	675	2.910,0
Ceuta	567	2.641,9
Total	552.173	2.852,1

FONTE: elaboración propia a partir de datos do MITRAMISS

Canto aos accidentes mortais en xornada, Galicia rexistrou un índice de incidencia de 6,59 por cada cen mil persoas traballadoras, mentres que a proporción acadada no conxunto do Estado foi de 3,51. **O terceiro índice de accidentes mortais máis elevado dáse en Galicia.** Murcia é a primeira con 7,45 e A Rioxsa é a segunda con 6,95.

Táboa 12. ACCIDENTES MORTAIS E ÍNDICE DE INCIDENCIA POR CC.AA. AÑO 2022

	ACCIDENTES MORTAIS EN XORNADA	ÍNDICES DE INCIDENCIA
Catalunya	80	2,26
Andalucía	118	3,96
Madrid	73	2,21
Comunitat Valenciana	76	3,84
Castilla-La Mancha	29	3,98
País Vasco	24	2,48
Galicia	67	6,59
Castilla y León	50	5,51
Balears	8	1,55
Canarias	20	2,41
Murcia	45	7,45
Aragón	23	4,01
Asturias	12	3,30
Extremadura	23	6,28
Navarra	11	3,77
Cantabria	11	5,03
La Rioja	9	6,95
Melilla	0	0
Ceuta	0	0
Total	679	3,51

FONTE: elaboración propia a partir de datos do MITRAMISS

No rexistro de accidentes mortais, **Galicia é a quinta comunidade autónoma con maior número, 67**. A primeira é Andalucía con 118, a segunda Cataluña con 80, a terceira Valencia con 76 e a cuarta e Madrid con 73.

1.2. Accidentes mortais en xornada laboral

Segundo os datos do ISSGA, no ano 2022 Galicia rexistrou 67 accidentes mortais en xornada laboral: morreron 66 homes (19 máis ca o ano 2021) e unha muller (igual ca o ano 2021).

A causa máis frecuentes foron os **afogamentos e sepultamentos**, con 22 accidentes mortais, o cal representa o 32,82 % do total. Neste dato influíu o terrible afundimento do barco *Villa de Pitaxo*. A segunda causa máis frecuente foron os infartos e outras patoloxías non traumáticas, con 19 accidentes mortais que representan o 28,36 % do total.

Táboa 13. FORMA DOS ACCIDENTES MORTAIS EN GALICIA. ANO 2022

FORMA DO ACCIDENTE	TOTAIS	%
Contacto coa corrente eléctrica, lume ou substancias perigosas	4	5,97
Afogamentos, sepultamentos	22	32,84
Caídas e golpes con esmagamentos contra obxectos inmóbiles	7	10,45
Choques ou golpes contra obxectos en movemento	8	11,94
Contacto con axente cortante ou punzante	0	0,00
Atrapamento e amputacións	7	10,45
Mordeduras, patada, picaduras, etc.	0	0,00
Infartos e outras patoloxías non traumáticas	19	28,36
Sen especificar	0	0,00
Total	67	100

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sectores de actividade

No 2022, coma no ano anterior, a pesca foi o sector de actividade co maior índice de incidencia de accidentes mortais, o 143,88 %, se ben este ano moi empeorado polo afundimento do *Villa de Pitaxo*. O segundo posto ocupouno a construción e o terceiro, a industria. Por debaixo da media só están o sector dos servizos e o da agricultura (ver táboa 14).

En relación co ano anterior, os accidentes mortais redúcense nos sectores da agricultura e a construción en 3 e 4 accidentes mortais. Aumentan nos sectores da pesca, os servizos e a industria en 22, 3 e 1 accidentes mortais, respectivamente.

Táboa 14. ACCIDENTES MORTAIS CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES

	ANO 2021		ANO 2022	
	N.º ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA	N.º ACCIDENTES	ÍNDICE DE
Agricultura	5	14,54	2	5,96
Pesca	3	17,02	25	143,88
Industria	10	6,96	11	7,57
Construción	12	15,49	8	10,10
Servizos	18	2,46	21	2,80
Total	48	4,78	67	6,54

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por provincias

Por provincias, Ourense rexistra no 2022 o maior índice de incidencia de accidentes mortais (ver táboa 15). En comparación co 2020, o índice de incidencia reduciuse nas catro provincias.

Táboa 15. ACCIDENTES MORTAIS CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR PROVINCIAS

	ANO 2021		ANO 2022	
	N.º ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA	N.º ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA
A Coruña	22	5,11	19	2.602,58
Lugo	5	4,22	5	2.475,42
Ourense	6	5,95	5	2.914,46
Pontevedra	15	4,25	38	2.296,87
Galicia	48	4,78	67	2.511,48

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por tipo de contrato

Polo tipo de contrato, o 41,79 % das persoas falecidas por accidente de traballo en xornada laboral no 2022 tiñan un contrato temporal; foron 28 persoas. En comparación co 2021, subiron os accidentes mortais en persoas traballadoras autónomas, en eventuais e en indefinidas.

Táboa 16. ACCIDENTES MORTAIS POR TIPO DE CONTRATO

	ANO 2021	ANO 2022
Indefinidos	29	32
Temporais	15	28
Autónomos	4	7
Total	48	67

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

1.3. Accidentes de traballo 'in itinere'

Por gravidade e sexo

No ano 2022 rexistráronse un total de 2670 accidentes in itinere: 1485 de mulleres (55,62 % do total) e 1185 de homes (44,38 % do total).

Ocorreron 81 accidentes *in itinere* máis ca no 2021 (19 menos de mulleres e 100 máis de homes).

As mulleres sufriron máis accidentes leves ca os homes, pero nos graves e mortais ocorre o contrario (morreron cinco homes e ningunha muller).

Táboa 17. ACCIDENTES DE TRABALLO 'IN ITINERE' POR SEXO E GRAVIDADE

	N.º DE ACCIDENTES NO ANO 2021			N.º DE ACCIDENTES NO ANO 2022		
	HOMES	MULLERE	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Leves	1.058	1.486	2.544	1.155	1.471	2.626
Graves	22	18	40	25	13	38
Mortais	5	0	5	5	1	6
Total	1.085	1.504	2.589	1.185	1.485	2.670

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por provincias e gravidade

O total dos accidentes *in itinere* aumentou en todas as provincias no ano 2022, menos en Lugo, onde baixou en 4.

Os accidentes mortais baixaron en Pontevedra en 1; mantéñense en Ourense con 0; sobe 1 na Coruña e 1 tamén en Lugo.

Os accidentes graves aumentaron en Lugo en 1; mantéñense na Coruña en 18; baixaron en 1 en Ourense, 2 en Pontevedra.

Os accidentes leves baixaron en 6 en Lugo; aumentaron en 8 na Coruña, 17 en Ourense e 63 en Pontevedra.

Táboa 18. ACCIDENTES DE TRABALLO 'IN ITINERE' POR GRAVIDADE E PROVINCIA

	N.º DE ACCIDENTES NO ANO 2021				N.º DE ACCIDENTES NO ANO 2022			
	LEVES	GRAVE	MORTAIS	TOTAL	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
A Coruña	1.049	18	2	1.069	1.057	18	3	1.078
Lugo	224	3	1	228	218	4	2	224
Ourense	247	2	0	249	264	1	0	265
Pontevedra	1.024	17	2	1.043	1.087	15	1	1.103
Galicia	2.149	53	7	2.209	2.626	38	6	2.670

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

2. ACCIDENTES SEN BAIXA EN XORNADA LABORAL

Por provincias

No ano 2022 rexistráronse en Galicia un total de 15 100 accidentes de traballo sen baixa en xornada laboral. Son 473 máis ca no 2021 (3,23 %)

Aumentaron en 222 na Coruña, 44 en Lugo, 104 en Ourense e 103 en Pontevedra.

Táboa 19. ACCIDENTES SEN BAIXA EN XORNADA LABORAL POR PROVINCIAS

	ANO 2021	ANO 2022	VARIAC. ABSOLUTA	VARIAC. %
A Coruña	5.911	6.133	222	3,76
Lugo	1.405	1.449	44	3,13
Ourense	1.455	1.559	104	7,15
Pontevedra	5.856	5.959	103	1,76
Total	14.627	15.100	473	3,23

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sectores de actividade

En relación co ano 2021, os accidentes de traballo sen baixa en xornada laboral aumentan en todos os sectores, menos no da construción, que baixa en 108.

Táboa 20. ACCIDENTES SEN BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES. ANO 2022

	ANO 2020	ANO 2021	VARIAC. ABSOLUTA	VARIAC. RELATIVA
Agricultura	404	480	76	18,81
Pesca	255	298	43	16,86
Industria	4.425	4.535	110	2,49
Construción	2.230	2.122	-108	-4,84
Servizos	7.313	7.665	352	4,81
Total	14.627	15.100	473	3,23

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

3. ACCIDENTES DE TRABALLO POR COVID-19

Por comunidades autónomas

No conxunto do Estado recoñecéronse 33 513 accidentes de traballo con baixa no ano 2022 por covid-19, dos cales 37 foron en Galicia, o 0,20 % do total.

Táboa 21. ACCIDENTES DE TRABAJO POR COVID.
ANO 2022

	TOTAIS
Andalucía	1.836
Aragón	728
Asturias, Principado de	2.311
Balears (Illes)	3.840
Canarias	63
Cantabria	3.316
Castilla-La Mancha	3.548
Castilla y León	185
Catalunya	9.216
Comunitat Valenciana	660
Extremadura	502
Galicia	67
Madrid (Comunidad de)	5.689
Murcia (Región de)	228
Navarra (C. Foral de)	14
País Vasco	322
Rioja (La)	988
Ceuta	—
Melilla	—
Total	33.513

FONTE: elaboración propia a partir de datos do MITRAMISS

ENFERMIDADES CAUSADAS POLO TRABALLO

CONFIDENTIAL

1. ENFERMIDADES CAUSADAS POLO TRABALLO

A información que achegamos sobre as enfermidades causadas polo traballo procede do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) e do Observatorio das continxencias profesionais da Seguridade Social. A análise céntrase no período xaneiro-décembro de 2022.

A cobertura das enfermidades causadas polo traballo no sistema da seguridade social encarréirase por dúas vías:

- O recoñecemento automático da enfermidade profesional. Segundo o artigo 157 da LXSS (Lei xeral da seguridade social), un traballador ou traballadora ten dereito a cobertura por enfermidade profesional se esa enfermidade foi contraída a consecuencia do traballo nas actividades que se especifican no cadro de enfermidades profesionais (EPPP) aprobado polo RD 1299/2006 e está provocada pola acción dos elementos ou substancias que se indican nese cadro.
- O artigo 156.2 da LXSS, nos seus apartados *e* e *f*, reconece que serán consideradas como continxencia profesional aquelas enfermidades non incluídas na relación de EPPP que contraia a persoa traballadora con motivo da realización do seu traballo, sempre que se probe que a enfermidade tivo causa exclusiva na súa execución. Tamén as enfermidades ou defectos anteriormente padecidos que se agraven como consecuencia da lesión constitutiva do accidente.

O sistema de notificación CEPROSS (comunicación de EPPP na seguridade social) achega desde o ano 2007 información das patoloxías sufridas polas persoas traballadoras que están incluídas no cadro de EPPP.

En xuño do 2010 creouse o ficheiro PANOTRATSS, que rexistra as patoloxías non traumáticas causadas ou agravadas polo traballo que non teñen a consideración de enfermidade profesional.

1.1. Enfermidades profesionais

No Informe CEPROSS-PANOTRATSS 2017 díse:

Un parte comunicado é un expediente de enfermidade profesional que foi tramitado pola entidade xestora ou colaboradora que asume a cobertura de continxencias profesionais conforme a normativa vixente e supuxo a existencia dunha visita da persoa traballadora a un facultativo que diagnostica unha enfermidade profesional catalogada no cadro de enfermidades profesionais recollido no RD 1299/2006.

Se cando se realiza a comunicación telemática existe baixa laboral por incapacidade temporal o parte permanece no que se denomina estado aberto, pasando a situación de pechado no momento en que finalice a incapacidade temporal. Os partes pódense pechar por algunha das seguintes causas:

- Alta por curación e/ou alta laboral
- Alta con proposta de incapacidade permanente
- Alta con proposta de cambio de traballo
- Falecemento
- Lesións permanentes non invalidantes
- Sen baixa laboral
- Outras causas. *Neste apartado inclúense as situacións de cualificación do parte como accidente de traballo ou enfermidade común aínda cando o traballador continúe de baixa médica laboral.*

1.1.1. Partes comunicados de enfermidades profesionais

Segundo os datos de xaneiro a decembro do ano 2022, rexistráronse 1264 EEPP,32 menos ca no ano 2021(-2,47 %).

O 57,67 % dos partes comunicados de EEPP foron con baixa laboral, e o 42,33% sen baixa. En comparación co ano 2021, os partes con baixa diminuíron un -3,44 % (26 menos) e os sen baixa diminuíron un 1,11 % (6 menos).

Táboa 1. EEPP CON BAIXA E SEN BAIXA

	ANO 2021	ANO 2022	VARIACIÓN ANUAL %
Con baixa	755	729	-3,44 %
Sen baixa	541	535	-1,11 %
Total	1.296	1.264	-2,47 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sexo

Das EEPP rexistradas no ano 2022, o 46,68 % foron de mulleres, 590 partes comunicados. O 53,32 % dos partes comunicados foron de homes, 674 partes.

Nas mulleres, os **partes con baixa foron** o 54,91 %, 324 partes. Nos homes foron o 60,09 %, 405 partes.

Nas mulleres, os **partes sen baixa foron** o 45,08 %, 266 partes. Nos homes foron o 39,91 %, 269 partes.

Táboa 2. EEPP POR SEXOS. ANO 2022

	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL
Homes	405	269	674
Mulleres	324	266	590
Total	729	535	1.264

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sector de actividade

O sector con maior recoñecemento de enfermidades profesionais é a industria, con 602 (47,63 %); o segundo foi o dos servizos con 511 (40,43 %); o terceiro, a construción con 98 (7,75 %); o cuarto, a agricultura con 36 (2,08 %) e o quinto foi o da pesca con 17 (1,34 %).

O sector que, en proporción, rexistrou máis EEPP con baixa ca sen baixa foi a pesca: o 82,35 %. Os seguintes son a construción, cun 66,32 %, e os servizos co 54,99 %. Na industria e na agricultura, o cociente queda por baixo da media.

Táboa 3. EEPP CON BAIXA E SEN BAIXA POR SECTOR DE ACTIVIDADE. ANO 2022

SECTOR	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL	% DO TOTAL
Agricultura	17	19	36	2,85 %
Pesca	14	3	17	1,34 %
Industria	352	250	602	47,63 %
Construción	65	33	98	7,75 %
Servizos	281	230	511	40,43 %
Total	729	535	1.264	100 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sector de actividade e por sexo

Os sector da industria suma máis casos de EEPP de homes ca de mulleres: 413 partes dos 602 comunicados (68,60 %).

En cambio, no sector dos servizos ocorre o contrario, suman máis casos de EEPP as mulleres ca os homes: 387 partes dos 511 comunicados (75,73 %).

Táboa 4. EEPP POR SECTOR DE ACTIVIDADE E SEXO. ANO 2022

SECTOR DE ACTIVIDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	29	7	36
Pesca	11	6	17
Industria	413	189	602
Construción	97	1	98
Servizos	124	387	511
Total	674	590	1.264

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por grupo de enfermidade

O cadro de EEPP foi aprobado polo Real decreto 1299/2006. Inclúe unha listaxe de enfermidades recoñecidas como profesionais e os traballos e substancias que expoñen ao risco de contraelas.

A listaxe recolle seis grupos de EEPP:

Grupo 1: EEPP causadas por axentes químicos

Grupo 2: EEPP causadas por axentes físicos

Grupo 3: EEPP causadas por axentes biolóxicos

Grupo 4: EEPP causadas pola inhalación de substancias e axentes non comprendidos noutros apartados

Grupo 5: EEPP da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados

Grupo 6: EEPP causadas por axentes carcinóxenos

No 2022, o maior número de partes de EEPP comunicados concéntrase no grupo 2, co 78,64 % (EEPP causadas por axentes físicos).

No grupo 4 contabilízanse o 10,92 % dos partes comunicados; é o segundo grupo con maior número de partes (EEPP causadas pola inhalación de substancias e axentes non comprendidos noutros apartados).

Táboa 5. PARTES COMUNICADOS POR GRUPOS DE ENFERMIDADE. ANO 2022

GRUPO	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL	% SOBRE O TOTAL
Grupo 1	10	25	35	2,77 %
Grupo 2	575	419	994	78,64 %
Grupo 3	19	198	37	2,93 %
Grupo 4	95	43	138	10,92 %
Grupo 5	30	30	60	4,75 %
Grupo 6	0	0	0	0 %
Total	729	535	1.264	100 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por grupo de enfermidade e sexo

Por sexo, como se reflicte na táboa 6, o maior número de partes comunicados de EEPP no 2022 pertence ao grupo 2 (causadas por axentes físicos), tanto nos homes coma nas mulleres. Nese grupo están o 71,51 % do total das EEPP de homes e o 86,78 % do total das EEPP de mulleres.

O segundo grupo con máis partes de EEPP de homes é o 4 (causadas por inhalación de substancias), que representa o 18,55 % do total. Nas mulleres, o segundo grupo con máis partes por EEPP é o 3 (causadas por axentes biolóxicos), representando o 4,58 %.

Táboa 6. PARTES COMUNICADOS POR GRUPOS DE ENFERMIDADE E SEXO. ANO 2022

GRUPO	HOMES	MULLERES	TOTAL
Grupo 1	22	13	35
Grupo 2	482	512	994
Grupo 3	10	27	37
Grupo 4	125	13	138
Grupo 5	35	25	60
Grupo 6	0	0	0
Total	674	590	1264

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por provincias

No ano 2022, a provincia coa cifra máis alta de partes comunicados de EEPP é Pontevedra con 619, o 48,97 % de todos os rexistrados en Galicia. A segunda foi A Coruña con 353 partes, o 27,93 % do total; a terceira foi Ourense con 194, o 15,35 %, e a cuarta foi Lugo con 98, o 7,75 %.

Táboa 7. PARTES COMUNICADOS POR PROVINCIAS. ANO 2022

PROVINCIA	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL	% SOBRE TOTAL
A Coruña	222	131	353	27,93 %
Lugo	65	33	98	7,75 %
Ourense	108	86	194	15,35 %
Pontevedra	334	285	619	48,97 %
Total	729	535	1.264	100 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sexos, as comunicacións de EEPP ordénanse, de maior a menor número, do seguinte xeito:

Pontevedra: 324 de homes (52,34 %) e 295 de mulleres (47,66 %).

A Coruña: 181 de homes (51,27 %) e 172 de mulleres (48,72 %).

Ourense: con 110 de homes (56,70 %) e 84 de mulleres (43,30 %).

Lugo: 59 de homes (60,20 %) e 39 de mulleres (39,80 %).

En total, foron 674 comunicacións de EEPP de homes (53,32 %) e 590 de mulleres (46,68 %).

Táboa 8. PARTES COMUNICADOS POR PROVINCIAS E SEXO. ANO 2022

PROVINCIA	HOMES	MULLERES	TOTAL
A Coruña	181	172	353
Lugo	59	39	98
Ourense	110	84	194
Pontevedra	324	295	619
Total	674	590	1.264

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por comunidades autónomas

No ano 2022 recoñecéronse no conxunto do Estado 22 589 EEPP, das cales 9726 foron con baixa e 12 873 sen baixa. En homes recoñecéronse 11 509 (50,95 %) e en mulleres 11 080 (49,05 %).

Galicia ocupa o sexto lugar en recoñecemento de EEPP con 1264, o 5,60 % do total.

No que respecta ao índice de incidencia, Galicia está en décimo lugar no conxunto do Estado con 126,8, por riba do índice de incidencia do conxunto do Estado, que rexistra 121,2 casos por cada cen mil persoas traballadoras.

Táboa 9. PARTES COMUNICADOS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. ANO 2022

CCAA	TOTAL	ÍNDICE DE INCIDENCIA
Andalucía	1.206	42,1
Aragón	1.144	204,3
Asturias	460	128,9
Balears	413	88,2
Canarias	578	74,5
Cantabria	395	184,5
Castilla y León	1.031	146,1
Castilla-La Mancha	613	68,9
Catalunya	2.061	60,5
Valencia	5.211	275,3
Extremadura	201	56,1
Galicia	1.264	126,8
Madrid	911	28,8
Murcia	2.296	391,1
Navarra	1.319	463,5
País Vasco	2.965	313,3
La Rioja	488	386,1
Ceuta e Melilla	33	74,5
Total	22.589	estatal 121,2

FONTE: elaboración propia a partir de datos do CEPROSS

1.1.2. Partes pechados como enfermidade profesional con baixa

No ano 2022 pecháronse 566 procesos de enfermidade profesional en Galicia, 50 menos ca no 2021, o que supón unha diminución do -8,12 %.

En homes pecháronse 322 procesos; en mulleres, 244.

A duración media dos procesos de enfermidade profesional en Galicia foi de 130,45 días de baixa laboral, fronte a 139,36 días no 2021. A media estatal foi de 105,43 días; no 2021 foi de 139,36.

1.2. Patoloxías non traumáticas

Os datos manexados de patoloxías non traumáticas corresponden aos expedientes comunicados a través do sistema PANOTRATSS en Galicia no ano 2020. Coñecemos o número de partes comunicados distribuídos por sexo, por provincias e segundo causaran ou non baixa laboral.

Por sexos

No ano 2022 comunicáronse 151 partes de patoloxías non traumáticas en Galicia, fronte a 156 no 2021. A incidencia da declaración é maior nos homes ca nas mulleres: 94 partes de homes (62,25 % dos partes) e 57 de mulleres (37,75 %).

O 66,03 % dos partes comunicados foron con baixa laboral, e o 33,97 % foron sen baixa laboral.

Por sexos, a proporción é algo máis elevada nos homes ca nas mulleres:

Con baixa laboral: o 67,95 % en homes e 32,05 % en mulleres.

Sen baixa laboral: o 53,33 % en homes e o 46,66 % en mulleres.

Táboa 10. PARTES COMUNICADOS DE PATOLOXÍAS NON TRAUMÁTICAS. ANO 2022

	HOMES	MULLERES	TOTAL
Con baixa	70	36	106
Sen baixa	24	21	45
Total	94	57	151

FONTE: elaboración propia a partir de datos do PANOTRATSS

Por provincias

No 2022, o número de partes comunicados de patoloxías non traumáticas por provincia e de maior a menor é o seguinte:

Pontevedra: 84 partes, o 55,63 % do total.

A Coruña: 32 partes, o 21,19 % do total.

Ourense: 20 partes, o 13,24 % do total.

Lugo: 15 partes, o 9,93 % do total.

No total, a distribución entre homes e mulleres e a seguinte:

Homes: 94 partes, o 62,25 % do total.

Mulleres: 57 partes, o 37,75 % do total.

Táboa 11. PARTES COMUNICADOS POR PROVINCIAS E SEXOS. ANO 2022

	CON BAIXA			SEN BAIXA			TOTAL		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
A Coruña	11	6	17	9	6	15	20	12	32
Lugo	8	4	12	1	2	3	9	6	15
Ourense	11	5	16	2	2	4	13	7	20
Pontevedra	40	21	61	12	11	23	52	32	84
Total	70	36	106	24	21	45	94	57	151

FONTE: elaboración propia a partir de datos do PANOTRATSS

Clasificación por comunidades autónomas


Na clasificación por comunidades autónomas, en cifras absolutas, Galicia é a décimo segunda con máis declaracións de patoloxías non traumáticas: 151 partes no 2022.

**Táboa 12. PARTES COMUNICADOS POR CCAA.
ANO 2022**

	TOTAL
Andalucía	214
Aragón	1.086
Asturias	2.812
Balears	2.013
Canarias	39
Cantabria	23
Castilla y León	160
Castilla-La Mancha	1.226
Catalunya	7.503
Valencia	1.613
Extremadura	11
Galicia	151
Madrid	301
Murcia	725
Navarra	116
País Vasco	644
La Rioja	1.090
Ceuta e Melilla	4
TOTAL	19.731

FONTE: elaboración propia a partir de datos do PANOTRATSS

CC000



comisións obreiras